Daboecia cantabrica (Huds.) K.Koch, 1873

- queiroga/quiroga/queiruga maior, tamborela
- brezo de San Dabeoz, brezo vizcaíno, tamborella, tambarilla, urciona
- ainarra kantauriar, txilarra
- breç de Sant Joan, breç de Còrsega
- irish heath
- urze-minhota, urze-cantábrica



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Ericales**	**Ericaceae**	***Daboecia***

ORIXE

Oeste de Europa.

CARACTERÍSTICAS

Arbusto perenne de ata 75 cm de altura, cuberto de pelos ríxidos e glándulas en talos e follas. As follas son alternas, estreitamente ovadas ou lanceoladas, pequenas (14 mm), coa face verde escura e brancas polo envés (debido á densa pilosidade que as cobre), con marxes revolutas. As flores son colgantes, en acios terminais, cunha corola urceolada e con 4 pequenos lóbulos. Son de cor rosa intensa, cun cáliz con 4 sépalos estreitos. O froito encontrase nunha cápsula que se abre en 4 e dá numerosas sementes moi pequenas.

HÁBITAT

Breixeiras, matogueiras e zonas rochosas, sobre solos ácidos e pobres en nutrientes. Medra tipicamente en altitudes que varían dende o nivel do mar ata os 1500 m.

DISTRIBUCIÓN

Oeste de Irlanda, oeste de Francia e norte e oeste da Península Ibérica.

CURIOSIDADES

Distínguese polas súas vistosas flores rosas ou purpúreas en forma de campá, polas súas follas de envés esbrancuxado e pola súa simbiose con fungos para obter nutrientes.